

## PROFESORADO

### AO OÍR A ALARMA ACÚSTICA DE EMERXENCIA:

- Cada docente evacuará unicamente a aula que lle é asignada na súa quenda de clase, cara ao PUNTO DE REUNIÓN.
- Antes de iniciar a evacuación, evite posibles traballos que estea a realizar e que poidan ser orixe doutra emerxencia.
- Se hai alumnos con mobilidade reducida, deberase asignar un ou dous compañeiros de apoio para que o axuden. No caso de que non poida evacuar ao devandito alumno (mobilidade reducida/discapacidade), cederá os seus alumnos ao mestre da aula contigua (ou máis próxima) e confinarase na súa clase con el (ver nota).
- A frase para expresar deberá ser curta e concreta:

**“Existe unha Emerxencia Xeral e debemos desaloxar agora o centro; seguiremos unha orde ata chegar ao punto de reunión exterior, onde se dará máis información”.**

- Para a evacuación da clase os alumnos colocaranse en fila, encabezada polo docente e finalizada polo delegado (de forma que quede controlada toda a clase). O docente contará os alumnos que ten.
- O docente comprobará que non quede ninguén dentro (ollo con servizos, aseos, vestiarios...etc.) e, delegando nalgún alumno (delegado), confirmará que se pechan portas, xanelas (se é posible) e corte de subministro eléctrico da aula(en cadro, se existe, ou apagado do interruptor de iluminación), e que marca a clase que foi evacuada e revisada (p.e. cun papel na zona de peche da porta ou cunha cadeira na porta).
- As prioridades de evacuación entre as aulas serán as seguintes:
  - En cada planta terá prioridade de saída a aula máis próxima á saída exterior.
  - Entre plantas terá prioridade as plantas máis baixas con respecto ás máis altas.
- Durante a evacuación, os diferentes grupos irán en fila, pegados á parede e, en zonas de escaleiras, colocaranse tamén pegados á parede (ao lado oposto do oco de escaleira, que será o acceso aos servizos de emerxencia).
- A evacuación dirixirase cara ás vías de evacuación máis próximas e seguras (siga criterios de sinalización de evacuación).
- Siga as pautas correctas dunha boa evacuación.
- Nota: Lembrar ao saír pechar as portas do corredor ou escaleiras que se vaia atopando.

### NO caso de confinamento.

No caso de ter alumnos na aula con mobilidade reducida ou discapacidade, que impidan a súa evacuación, ou, no caso de que ao querer evacuar a aula, sexa complicado porque o corredor está totalmente asolagado de fume, deberá:

- Ceder os seus alumnos a un docente dunha aula adxacente, indicándolle o número de alumnos que lle cede e indicándolle que comunique no punto de control a aula na que se queda co alumnado con mobilidade reducida.
- Establecer un confinamento na súa aula. Para iso:
  - Pechará as portas da súa dependencia, selando as ranuras das portas con toallas, roupa, etc, empapadas en auga se é posible.
  - Abrirá as xanelas da súa dependencia.
  - Farase ver pola xanela e permaneza preto dela.
  - Terá activo o móbil e esperará as instrucións que lle transmitan o director ou os servizos de emerxencia exteriores.

## RECOMENDACIÓNS:

### Guía de boas prácticas durante a evacuación

- Manteña a orde ó saír, non corra, non berre e fale o menos posible.
- Axude e sexa solidario con aqueles que teñan algunha discapacidade (é conveniente asignar uns alumnos que no caso de emerxencia puidesen axudar).
- Evite a curiosidade; e se a súa presenza non é necesaria non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.
- Utilice as vías e portas de evacuación marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección da sinalización fotoluminiscente de evacuación.
- Non se demore recollendo obxectos persoais.
- Non utilice os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación.
- Realice a evacuación a rentes do chan no caso de presenza de fumes.
- Se queda bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra as xanela e axite os brazos pedindo axuda.

**DIRÍXASE Ó PUNTO DE REUNIÓN FIXADO E PERMANEZA NEL ATA RECIBIR INSTRUCIÓNS.**

### NO PUNTO DE REUNIÓN:

- Seguirá mantendo a fila en orde.
- Verificará que ten todos os alumnos que había na aula.
- Buscará a algún membro do equipo de identificación e control (secretario ou xefe de estudos) que estará con chaleco de cor azul e transmitiralle de que clase é e se están todos os alumnos así como outros datos de interese que vexa convenientes.
- Manterá aos alumnos controlados ata que o director transmita o fin da emerxencia.



**Punto de reunión no campo de fútbol.**